



Número de expediente: 2019/SUBCC/000013

**Asunto: RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA POLO QUE SE ACORDA O NOMEAMENTO DO XURADO CUALIFICADOR DOS PREMIOS “ERNESTINA OTERO SESTELO 2019”.**

Logo de examinar o expediente sinalado no asunto, son relevantes para a Resolución os seguintes:

**I- Feitos:**

1.- Por Providencia da Concelleira Delegada de Educación, Igualdade, Programación e Xestión das Infraestruturas Culturais de data 31 de maio do 2019, incóase o procedemento administrativo relativo á convocatoria dos premios “Ernestina Otero Sestelo 2019” para a incorporación da perspectiva de xénero no centros educativos do Concello de Pontevedra.

Para elo concederanse dous premios nas dúas categorías propostas e cunha dotación económica de 900€ e 500€ respectivamente, acadando un custo máximo de 2.800€.

2.- Por Decreto da Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade de data 24 de xuño do 2019 apróbanse as bases da convocatoria, autorízase o gasto e dispónse a publicación das bases nos medios de publicidade establecidos ao efecto.

**II- Consideracións xurídicas:**

1.- A base 6ª das que rexen a convocatoria regula a composición e funcionamento do xurado cualificador, sinalando que debe estar composto por:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra ou persoa en quen delegue
- Catro representante do Concello de Pontevedra.
- Catro representantes do ámbito educativo.

O xurado poderá contar con asesoramento e solicitar canta información complementaria considere oportuna antes da resolución.

O veredicto do xurado será inapelable e comunicarse sete días antes da entrega dos premios, dándolle a axeitada publicidade na páxina web do Concello de Pontevedra, [http: www.pontevedra.gal](http://www.pontevedra.gal).

A entrega dos premios farase en acto público, debidamente anunciado.

Segundo.- Por Decreto do Alcalde do Concello de Pontevedra de data 15 de xuño do 2019, delégase na Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade a resolución de actos administrativos no ámbito das súas competencias.

Atendendo ao anteriormente exposto, esta Concelleira delegada, no exercicio das súas competencias, **RESOLVE:**

**Primeiro.-** Nomear ao seguinte Xurado cualificador dos premios “Ernestina Otero Sestelo 2019”:

- Directora do CIM do Concello de Pontevedra: Rosa Campos Briones.





- Representantes do Concello de Pontevedra: Paloma Castro Rey, Iván Puentes Rivera, Vanesa Estévez Baquero e Mercedes Melero Adrio.
- Representantes do ámbito educativo: Manuel Puga Pereira, Montserrat García-Lastra Merino, Ángel Manuel Gómez García e Luisa Márquez Rodríguez.

Actuarán como Presidenta e Secretaria do Xurado Paloma Castro Rey e Rosa Campos Briones respectivamente.

**Segundo.-** Convocar ao Xurado á reunión de deliberación e resolución dos premios que se celebrará o **luns día 28 de outubro do 2019, ás 19:00 horas**, na Sala de Reunións do Edificio Administrativo do Concello de Pontevedra sito na rúa Michelena 30, planta baixa.

Así o dispón e ordena a Concelleira Delegada de Benestar Social e Igualdade, na data da sinatura electrónica, na data da sinatura electrónica, do que eu como Secretario da Administración Municipal, dou fe.

